

“Lugo marcoume para sempre”

MANUEL MARÍA

En novembro de 1998, Manuel María lembraba para **El Progreso** a súa infancia, véndose como un neno “extrovertido, imaxinativo, inquedo, cunha grande vitalidade e unha enorme curiosidade”

Coido que tiven —e teño— unha grande fortuna de nacer sendo xa un galego normalizado. Entendo, con Rilke, que a verdadeira patria do ser humano é a súa infancia: de aí a miña total e absoluta fidelidade ó meu natal Outeiro de Rei da Terra Cha e ó clan das Hortas ó que pertencen. Os meus verdadeiros apelidos son Hortas Vilanova e non os que están apuntados no rexistro civil e no carnet de identidade. Se Fernando Pessoa nos ensinou, para sempre, que a súa patria era a lingua portuguesa, un de sí pode decir, a boca chea, que a súa patria é o idioma galego: o noso xeito auténtico, diferenciado e orixinal de estar no mundo.

Os Hortas, xa veciños da vila de Outeiro de Rei no século XVI, eran labregos acomodados. Son o teórico vinculeiro dunha familia de catro irmáns, dos que sobrevivimos tres. Dous deles, como o señor Regato do Cepelo, permaneceron e permanecen fieles á vila nativa. Só este servidor foi a ponla esgazada da familia, unha especie de *colonia* sempre dependente da *metrópole*, entendendo por tal o torrón nativo.

Nos días da miña infancia na Casa de Hortas, ademais das propiedades de Outeiro de Rei, cobrábanse cinco fanegas de centeo por dous lugares acasados en Asteriz e algunhas rendas e foros noutras parroquias. Na casa petrucial había normalmente dous criados e varios xornaleiros. Dos criados lembro especialmente a Bernarda, de Duarría —como *Mero*, de *A Quenlla*—; a Carmen, de Xoibá; ó Camposo e a Angelita Barba Pena. Como decía ela: *barba* por meu pai e *pena* por miña nai. A Bernarda transmitíume unha boa cantidade de contos, refrás, cancións e romances populares. Dos xornaleiros lembro dun xeito especialísimo ó inesquecible

Manuel de Paderna, que me meteu no corpo o vicio de facer versos e, no que non é corpo, o gusto pola poesía.

Noso pai foi alcalde da tribo. Este feito proporcionoume os seus privilexios. Coido que fun un neno extrovertido, imaxinativo, inquedo, cunha grande vitalidade e unha enorme curiosidade. Non tiña acougo. Sempre busquei a oportunidade —ou inoportunidade— de patear toda a tribo e as parroquias veciñas, facendo fuxidas non autorizadas. Atraíanme, de xeito particular, o Miño, o Ladra e o señor Regato do Cepelo. Gastei moitas horas nas súas ribeiras. Cando voltaba das miñas correrías os pais chamábanme a contas. As sancións eran levadeiras.

Xoguei o que puiden cos rapaces da miña idade. Con eles andiven a cantazo limpo, roubei froita, fun ós niños, bañeime no Miño e mais no Ladra, fumei os primeiros cigarros e fugueime ás romerías dos arredores. No vrau íamos con nosa nai uns quince días ós baños á cidade da Coruña, que me deslumbrou para sempre. Tamén pasaba semanas enteiras no casal de Vilanova, onde nacera nosa nai, na parroquia de San Mamede dos Anxos. Vilanova é un caserón arredado —hoxe en ruínas— e nel vivían dous tíos entón solteiros: Pilar e Xervasio. Gustábame aquela soedade.

Aprendeume a ler miña curmá Antonia Losada, entón alumna de Maxisterio. Era unha maravilhosa profesora. Ós nove anos fun á escola de Rábade para preparar o ingreso no instituto. O mestre D. Bautista Núñez Varela, un ensinante moi eficaz, adicaba as clases dos sábados a algo insólito para a época: ler e comentar textos en galego. Nos meses máis duros do inverno eu vivía en Rábade, na casa dun curmán de meu pai, veterinario, que procedeu á miña doma sen conseguila, afortunadamente para min. Esta época, a do servizo militar e a de concelleiro no Monforte de Lemos dos meus amores —nomeáronme encargado do lixo e dos incendios sen delegación de funcións— foron as máis desagradables da miña vida.

Quedaba xa atrás a *guerra civil* española, da que teño acordo, e logo comezaría a *Segunda Guerra Mundial*. O caso é que, despois de ingresar no instituto, trasladéime a vivir a Lugo durante o curso. Meu pai morreu con cincuenta anos de idade cando remataba o meu primeiro curso de bacharelato. A súa perda supuxo, pa-



MORRE O HOME, NACE O POETA

JOSÉ DE CORA

Os poetas non morren nunca; pero no caso daqueles que cantan á terra e ás súas xentes, como foi Manuel María, en realidade comezan a súa traxectoria cando xa non están connosco e só queda a súa palabra para ser repetida máis aló do seu tempo.

Manuel María é un poeta vivo, porque o palíndromo que forma a súa obra, desde *Muiñeiro de brétemas* a *Brétemas de muiñeiro*, disfruta da música da natureza, da coherencia da razón e da sensibilidade do corazón.

Os que o coñeceron saben da súa bonhomía. Os que a partir de hoxe se acheguen aos seus versos, terán razóns suficientes para intuír que onte foi un día de loito sentido por toda Galicia, como ben comprobou Saleta e como hoxe quedará de manifesto en Santa Isabel, moi perto do regato do Cepelo.

ra nós e para o noso futuro, unha grande desgracia. Despois de sufrir un ano o internado nos HH Maristas, levome a vivir con el un irmán de meu pai: o famoso cura de San Froilán, José Fernández Núñez, home moi culto. Elexiu unha vida austera, sacrificada e practicou, de xeito exemplar, a caridade e a probeza. Ademais do seu labor pastoral e social, excepcional, construíu a eirexa da Milagrosa. A parroquia da Milagrosa en particular e os lugueses en xeral, non foron moi xentiles con el nen coa súa memoria. De todos xeitos, hai inxustizas que se poden reparar en parte.

En Lugo integreime totalmente. Vivín

intensa e apaixonadamente os traballos e os días da cidade. Cando imperativos da vida me obrigaron a deixala paseino mal. En Lugo gastei a miña adolescencia e xuventude, formeime. Caseime. Estrenei vida e ilusións. Atopei mestres, para min, definitivos: Luis Pimentel, Ánxel Johán, Ánxel Fole. Lugo marcóume para sempre. E fíxome o que son: un chairego, provinciano e diocesano lugués. As lembranzas luguesas e o fondo do amor á cidade estiveron sempre no meu corazón e vánseme afirmando cada vez máis. A verdade é que Lugo non puido ser máis xeneroso coa miña humilde persoa.